

REXISTRO DE ACTIVIDADES DE TRATAMIENTO COMO ENCARGADO PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO





CONTROL DE VERSIONS

VERSIÓN	DESCRICIÓN DE CAMBIOS	ELABORADO	REVISADO	APROBADO
1.0	Primeira versión do documento	01/07/2025		



Índice

1	Obxecto	3
2	Definicións e siglas	3
3	Lexislación e normativa aplicable	4
4	RAT como encargado do tratamento da Deputación de Lugo.....	4



1 Obxecto

O presente documento consiste no rexistro de actividades do tratamento que a Deputación de Lugo realiza como encargado do tratamento.

O artigo 30.2 do RXPd establece que:

“2. Cada encargado e, no seu caso, o representante do encargado, levará un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta dun responsable que conteña:

a) o nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado, e, no seu caso, do representante do responsable ou do encargado, e do delegado de protección de datos;

b) as categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable;

c) no seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de dito terceiro país ou organización internacional e, no seu caso das transferencias indicadas no artigo 49, apartado 1, parágrafo segundo, a documentación de garantías adecuadas;

d) cando sexa posible, unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade á que se refire o artigo 30, apartado 1”.

Así, a LOPDGDD no seu artigo 31 indica:

“1. Os responsables e encargados do tratamento ou, no seu caso, os seus representantes deberán manter o rexistro de actividades de tratamento ao que se refire o artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679, salvo que sexa de aplicación a excepción prevista no seu apartado 5.

O rexistro, que poderá organizarse en torno a conxuntos estruturados de datos, deberá especificar, segundo as súas finalidades, as actividades de tratamento levadas a cabo e as demais circunstancias establecidas no citado regulamento.

Cando o responsable ou o encargado do tratamento houberan designado un delegado de protección de datos deberán comunicarlle calquera adición, modificación ou exclusión no contido do rexistro.

2. Os suxeitos enumerados no artigo 77.1 desta lei orgánica farán público un inventario das súas actividades de tratamento accesible por medios electrónicos no que constará a información establecida no artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679 e a súa base legal”.

2 Definicións e siglas

Neste apartado aportaranse as definicións ou siglas máis significativas que son utilizadas no documento.

RXPd	Regulamento xeral de protección de datos
LOPDGDD	Lei Orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
AEPD	Axencia Española de Protección de Datos
DPD	Persoa Delegada de Protección de Datos



3 Lexislación e normativa aplicable

As referencias tidas en conta para a redacción deste procedemento foron:

- **Regulamento (UE) 2016/679** do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD).
- **Lei Orgánica 3/2018**, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4 RAT como encargado do tratamento da Deputación de Lugo

Datos do encargado do tratamento e da persoa delegada de protección de datos

Encargado do tratamento: Deputación de Lugo

CIF: P27000001

Enderezo: Rúa San Marcos, 8, 27001, Lugo

Persoa delegada de protección de datos

Correo electrónico dpd@deputacionlugo.org

**ASESORÍA XURÍDICA e SERVIZO DE DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS A
CONCELLOS**

Responsable do tratamento	Concellos da provincia de Lugo aos que se lles preste o servizo
Descrición	Xestión de procedementos xudiciais nos que sexa parte a Asesoría Xurídica en representación de Concellos e asesoría xurídica a Concellos. Asesoramento en materia de protección de datos persoais e externalización da figura de persoa delegada de protección de datos aos Concellos que o soliciten.
Base xurídica do tratamento	• RXPd: Art.6.1 c) Tratamento necesario para o cumprimento de unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. • RXPd: 6.1.e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento
Detalle da base xurídica	• Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. • Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas • Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa
Transferencias internacionais de datos (fóra do Espazo Económico Europeo)	Non se prevén
Medidas técnicas e organizativas de seguridade	As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

**ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS**

Responsable do tratamento	Concellos da provincia de Lugo aos que se lles preste o servizo
Descrición	Xestión de nóminas, datos contables, inventario e orzamentos dos concellos da provincia
Base xurídica do tratamento	• RXPd: Art.6.1 c) Tratamento necesario para o cumprimento de unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
Detalle da base xurídica	• Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. • Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
Transferencias internacionais de datos (fóra do Espazo Económico Europeo)	Non se prevén
Medidas técnicas e organizativas de seguridade	As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.



TELEASISTENCIA	
Responsable do tratamento	Concellos da provincia de Lugo aos que se lles preste o servizo
Descrición	Servizo comunitario específico competencia municipal de acordo coa lei de servizos sociais de Galicia e en colaboración técnica con eses servizos.
Base xurídica do tratamento	• RXPd: Art.6.1 c) Tratamento necesario para o cumprimento de unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. • RXPd: 6.1.d) o tratamento é necesario para protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra persoa física • RXPd: 6.1.e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento • RXPd: 9.2.h) o tratamento é necesario para fins de prestación de asistencia ou tratamento de tipo sanitario ou social, ou xestión dos sistemas e servizos de asistencia sanitaria e social
Detalle da base xurídica	• Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia • Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. • Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento
Transferencias internacionais de datos (fóra do Espazo Económico Europeo)	Non se prevén
Medidas técnicas e organizativas de seguridade	As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

**SOPORTE INFORMÁTICO A CONCELLOS**

Responsable do tratamento	Concellos da provincia de Lugo aos que se lles preste o servizo
Descrición	Xestión das solicitudes de asistencia informática a municipios. Desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte das aplicacións dos Concellos da provincia de Lugo.
Base xurídica do tratamento	• RXPD: Art.6.1 c) Tratamento necesario para o cumprimento de unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
Detalle da base xurídica	• Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público • Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
Transferencias internacionais de datos (fóra do Espazo Económico Europeo)	Non se prevén
Medidas técnicas e organizativas de seguridade	As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

 DEPUTACIÓN DE LUGO	REXISTRO DE ACTIVIDADES DO TRATAMENTO COMO ENCARGADO PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO	Versión: 1 Data: 10/09/2025 Páxina 9 de 11
--	---	--

EMISIÓN DE CERTIFICADOS DIXITAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia
Descrición	Emisión de certificados de empregado público para o persoais das entidades locais da provincia e de representación
Base xurídica do tratamento	• RXPd: Art.6.1 c) Tratamento necesario para o cumprimento de unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
Detalle da base xurídica	• Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas • Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público • Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia • Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
Transferencias internacionais de datos (fóra do Espazo Económico Europeo)	Non se prevén
Medidas técnicas e organizativas de seguridade	As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

**XESTIÓN CATASTRAL**

Responsable do tratamento	Dirección Xeral do Catastro
Descrición	Tramitación de expedientes de alteracións de orde física e económica, así como alteracións de dominio e obras de actualización catastral necesarias para o desenvolvemento de procedementos de valoración de carácter colectivo xeral.
Base xurídica do tratamento	RXPD: Art.6.1 c) Tratamento necesario para o cumprimento de unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
Detalle da base xurídica	Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario
Transferencias internacionais de datos (fóra do Espazo Económico Europeo)	Non se prevén
Medidas técnicas e organizativas de seguridade	As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.